



Cobertura exclusiva do torneo a través de Eurosport 1, 2 e 4K

O mellor tenis de Roland-Garros regresa en directo con Eurosport á tele de R

- *Do 24 de maio ao 7 de xuño todos/as os/as clientes/as de televisión de R poderán gozar do campionato parisiense en Eurosport 1, canle convidada este mes.*
- *Ademais, quen dispoñan do servizo TV Total poderán ver os mellores partidos do aberto francés na ultraalta definición da canle Eurosport 4k.*
- *Unha lesión impediralle a Carlos Alcaraz participar este ano no torneo francés, onde si estará Rafa Jódar como aliciente para os/as afeccionados/as españois/as, ademais de Jannik Sinner e Aryna Sabalenka, actuais números un do mundo.*

Luns, 18 de maio de 2026.- Os/as clientes/as de televisión de R, ofrecida por Agile TV*, poderán gozar de novo, integramente e coa máxima calidade de imaxe, do torneo Roland-Garros, que emite **ao completo e en directo Eurosport**.

Dende o domingo **24 de maio e ata o 7 de xuño** o Grand Slam parisiense celebrará a súa edición número 125 sen a presenza de **Carlos Alcaraz**, que non poderá competir polo seu terceiro título consecutivo por mor dunha lesión no pulso. Si participará o español Rafa Jódar, que se converte no grande atractivo deste ano para os/as afeccionados/as españois/as tras os seus éxitos recentes.

No cadro masculino, outros grandes alicientes do Roland-Garros deste ano serán o italiano **Jannik Sinner**, actual número un do mundo, o alemán Alexander Zverev e o serbio Novak Djokovic. Lorenzo Musetti, Arthur Fils ou Casper Ruud son outros dos nomes que poden xerar expectación ás portas do campionato. Na categoría feminina saltarán á arxila vermella a número un da clasificación mundial, a bielorrusa **Aryna Sabalenka**, a catro veces campioa en París Iga Swiatek e a actual defensora do título de Roland Garros, Coco Gauff.

O equipo de expertos/as de Eurosport analizará a diario todo o que aconteza sobre a terra batida de París no espazo **Pasando Bolas**.



Ultraalta definición e multidispositivo con R

Grazas á diferenciación que proporciona a tecnoloxía 4K combinada coa calidade da rede de **R** os/as afeccionados/as ao tenis do operador galego que teñan contratada a TV Total poderán gozar, sen custo adicional, dos mellores partidos de cada xornada en directo, con **calidade de ultraalta definición, en Eurosport 4K** (dial 112) e seguir cada minuto do torneo dende as pistas de Roland-Garros en exclusiva a través de Eurosport 1 e Eurosport 2 (diais 110 e 111). O resto de afeccionados/as ao tenis de **R** (opción TV Ocio) tamén poderán ver os partidos en Eurosport 1 (dial 110), canle convidada de **R** este mes.

Ata en **5 dispositivos** será posible gozar do aberto francés, e os fans do tenis de **R** terán ademais a opción de repetir unha e outra vez os seus momentos máis emocionantes grazas a **funcionalidades** como *gravación*, *rebobina* (reiniciar un programa xa empezado) ou *últimos 7 días* (acceso á programación emitida durante a última semana), dispoñibles nas canles de Eurosport en **R**.

Alfredo Ramos, director de R e de MasOrange en Galicia, afirmou que *“a mellora constante en contidos premium e o noso compromiso por ofrecer unha calidade óptima para ver o mellor deporte en directo consolidan a tele de R como referente da televisión en España, xunto a outras marcas do grupo. Ofrecer o Roland Garros reforza aínda máis a nosa oferta e o afán de R por lle brindar ao público a mellor oferta de entretemento e deporte”*.

**O servizo de televisión de R é prestado por Agile TV a través de OVER THE TOP NETWORKS IBÉRICA, S.L.U.*

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal